





GRUPO DE TRABAJO


COOPERATIVO

RESTAURATIVO





ÍNDICE




1


Actividades tutorías

2

Anexos



ACTIVIDADE 1. PRESENTACIÓN




“E ti de quen ves sendo?”.

Finalidade da actividade: Con esta actividade pretendemos que o grupo teña un primeiro contacto e se coñeza.


Materiais: Unha pelota

Descrición da actividade: O alumnado senta nun círculo. O profe, coa pelota na man, preséntase dando tres datos (nome, de onde son e intereses, por exemplo). O profesor pasa a pelota a un dos alumnos, que tamén se presenta, dando a mesma información; ó finalizar, lanza a pelota a outro compañeiro ata que todos se presenten.

Actividade complementaria “E ti quen eras?”: Ó finalizar a actividade anterior, o alumno que teña a pelota, lánzaa a un compañeiro ó azar, que terá que recordar a información do que lla lanzou para a continuación pasala a outro compañeiro e seguir a actividade.



ACTIVIDADE 2. DEBILIDADES E FORTALEZAS




Finalidade da actividade: Preténdese que a alumnado sexa consciente de que todos temos debilidades e fortalezas e que no grupo nos podemos complementar para sacar o mellor de nós.

Materiais: Tarxetas plastificadas “modelo acreditación” (reutilizables) e rotuladores de encerado.

Descrición da actividade: Cada alumno terá unha tarxeta onde deberá anotar tres debilidades e tres fortalezas que considere que ten (non teñen que referirse exclusivamente ó académico: habilidades manuais ou deportivas, aficións...). Ó rematar, cada un colgará ó pescozo a súa tarxeta para que a vexan os compañeiros e deberá buscar pola clase a compañeiros que compensen as súas debilidades ou que se poidan beneficiar das súas fortalezas. Por exemplo, se eu son organizada, podo axudar a alguén que non o sexa; se non se me dan ben os deportes, buscarei a alguén que teña esa fortaleza.

Ó finalizar, cada persoa explicará á clase que persoa a complementa e a quen pode axudar e por que.



Actividade 3. As normas das clase

Finalidade da actividade: establecer un bo clima na aula, reforzando positivamente as condutas adecuadas.

Materiais: "Carné de puntos" , cartolinas de cores , adhesivos e recompensa (exemplo entradas cine).

Descrición da actividade: Crearíanse grupos de traballo de 4 membros/as, estes deberán consensuar que normas de aula se deberían aplicar. Para isto empregarase o Folio Xiratorio e finalmente a través do "Brainstorming" recolleremos as ideas de cada grupo no taboleiro.

O cumprimento das normas, por cada alumno/a valorarase empregando un "Carné por puntos" (similar ao de conducir), asignarase unha puntuación inicial, cada conduta pouco apropiada restará e tamén existirá a
posibilidade de recuperación.





25 N: "Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

Finalidade da actividade:

Materiais: "El orden de las cosas " (curtametraxe), tarxetas con imaxes.


Descrición da actividade: Dividimos o alumnado en grupos cooperativos de 4 persoas e despois do visionado da curtametraxe repartimos a cada grupo o pack de tarxetas, con imaxes impresas(un pack/grupo).Segundo a técnica cooperativa 1-2-4

ACTIVIDADE 5: VIOLENCIA DE XÉNERO NA PUBLICIDADE


Finalidade da actividade:

Materiais : imaxes de anuncios publicitarios (tarxetas con imaxes plastificadas).

Descrición de actividade: A muller na publicidade aparece como un obxecto de consumo, humillada e dominada. A publicidade presenta a hipersexualización da muller na publicidade, erotiza a infancia o situalas como un suxeto sexual pasivo. Traballaremos esta actividade coa técnica de mesa redonda, entregaráselle a cada grupo imaxes de maior ou menor impacto, nuns casos dunha maneira máis sutil, noutros son imaxes dunha violencia explícita, e trataríase de que cada membro do grupo fale sobre o que percibe na imaxe, o secretario vai tomando nota das aportacións de cada un dos membros e o final exporase a imaxe e os comentarios ó resto da clase.



ACTIVIDADE 5: VIOLENCIA DE XÉNERO NA PUBLICIDADE




Prestaráselle atención a:

- ❖ Erotización e normalización da violencia de xénero.
- ❖ Erotización da infancia.
- ❖ Tratamento comparativo da mesma marca entre home e muller.

Para pechar a actividade, dependendo da idade, trataríase de modificar algún dos anuncios tendo en conta a perspectiva da igualdade.

[As imaxes empregadas están asociadas a anuncios publicitarios, poderíanselle proxectar en clase despois desta análise]



ACTIVIDADE 6: A MIÑA IDENTIDADE




Finalidade: – Detectar aquilo co que queremos que nos identifiquen. – Fomentar maior coñecementos dos participantes entre si – Promover a integración dos suxeitos no grupo

Materiais: unha pelota

Descrición da actividade: Primeiro colocámonos todo o grupo en círculo, a continuación a persoa titora explica que a persoa que teña a pelota na man é a que posúe a quenda de palabra (a única que pode falar, os demais só escoitan). As preguntas do círculo restaurativo poderían ser: con qué te identificas do mundo REAL e por qué. E do mundo DIXITAL e por qué. A elección pode ser diversas, por exemplo un obxecto, un sentimento, unha paixón... Aínda que é certo que nos identificamos con varias cousas é necesario que só escollan unha.



Actividade 7: "RESETEANDO"



Finalidade: Analizar as ventaxas e desventaxas de internet.


Materiais: Acceso a internet e aos creadores de comics gratuítos : PlayComic, stripgenerator, creaComics...

Descrición da actividade: En grupos de tres, realizarán un pequeno cómic sobre ventaxas e desventaxas de internet (por exemplo: emprego de redes sociais, xogos en liña, compras online, aprender un idioma, ciberacoso, dependencia, aillamento, presión social...), para esta tarefa primeiro empregarán a estrutura cooperativa do folio xiratorio (empeza escribindo nun folio unha persoa do grupo, a continuación seguindo as agullas do reloxo completan a resposta o resto do equipo) e despois grazas aos seguintes creadores de cómics (PlayComic, stripgenerator, creaComics...) poderán realizar o comic de equipo.



ACTIVIDADE 8: BUSCANDO


O AVATAR



Finalidade: Reflexionar sobre valores, estereotipos, actitudes que se transmiten a través da música.

Materiais: Desde esta ligazón <http://marcasfera.com/post/73405584324/20-cancións-sobre-redessociais-e-internet> pódense escoitar as cancións seleccionadas.

Descrición da actividade: Formaranse grupos de catro persoas .Cada grupo elixirá unha canción da clasificación realizada: 1. Tam Tam Go - Atrapados na rede 2.Retos Fritos - Atrevete che che 3.Feiticeiros Band - Twiteando 4. Prynce - A miña meniña do Twitter 5.A Ogra - Bórroche do Facebook 6.O Leñador - Fálame por Tuenti, a escoitarán e sucesivamente mediante a estrutura cooperativa de lápis ao centro [colócase o lapis para que o equipo coñeza en qué momento pódese falar e escoitar pero non escribir cando o equipo teña claro a resposta resumirá o que transmiten (valores, actitudes, problemas, ...)




Actividade 9: CINEFORUM.

Finalidade: Concenciar sobre o uso responsosable de internet.

Materiais: Película: "Eliminado".

Descrición da actividade: Visualizarán a película Ao finalizar o cineforum entregárase un guión (anexo 8) para axudar a reflexionar sobre a mesma, farase en equipos de 4 membros coa estrutura cooperativa parellas que comparten, e dicir partindo dunha pregunta pensan a resposta(R) individualmente, a comparten coa persoa que está o seu carón e finalmente cada parella comparte a R co resto do grupo, elaborando conxuntamente a R final.

● ACTIVIDADE 10: SOMOS DETECTIVES



Finalidade da actividade: Con esta actividade pretendemos co alumnado coñeza a terminoloxía de diversidade sexual e reflexioné sobre a mesma.

Materiais: canción Peces de colores de Amaral, tarxetas e definicións do vocabulario.

Descrición da actividade:

Para traballar os termos de identidade de xénero, comezaremos a sesión escoitando a canción de Amaral **PECES DE CORES**. Unha vez terminada, expoñerase a clase unha serie de preguntas para introducir o tema que queremos tratar, a vez, que se establece unha reflexión sobre o mesmo.



●● ACTIVIDADE SOMOS DETECTIVES (CONTINUACIÓN)

O alumnado quedará organizado en 4 grupos e levarase a cabo a técnica do folio xiratorio, onde irán respondendo as seguintes preguntas:



- Cal é o tema da canción?
- Porque pensades que a artista decidiu cantar esta canción?
- Que quere comunicar Amaral na estrofa "somos peces de cores que nadan nun mundo branco e negro"?
- Gústache a canción? Por que?



ACTIVIDADE SOMOS DETECTIVES (CONTINUACIÓN)




Una vez introducido o tema, e cos mesmos grupos, repartirase a cada grupo 5 tarxetas co vocabulario de identidade de xénero que queremos traballar (ANEXO 4). A través da técnica lapis ao centro, deberán escribir a definición de cada termo según os seus coñecementos previos.

Unha vez rematado, buscarán a definición correcta do seu termo, que estará colgada pola parede da clase (ou doutra dependencia do instituto se se prefire, coma o patio, xardín, biblioteca, ximnasio...). Despois, cada membro do grupo explicará o termino que lle tocou o resto da clase. Por último, reflexionarase se a diversidade de identidade sexual ten as mesmas oportunidades na nosa sociedade.






ACTIVIDADE 11: QUE É A DIVERSIDADE CULTURAL E PARA QUÉ SIRVE



Finalidade: Sensibilizar sobre os beneficios da diversidade

Materiais: Anexo da actividade con información sobre diversidade.

Descrición da actividade: Primeiro leemos con atención o anexo da actividade e despois colocámonos todo o grupo en círculo, a continuación a persoa titora explica que a persoa que teña a pelota na man é a que posúe a quenda de palabra (a única que pode falar, os demais só escoitan). As preguntas do círculo restaurativo poderían ser: ¿Qué entendes tí por diversidade? ¿Para qué serve a diversidade?



ACTIVIDADE 12: MASTER CLASS: DIVERSIDADE CULTURAL

Finalidade: Sensibilizar sobre os beneficios da diversidade

Materiais: Anexo da actividade con información sobre diversidade.

Descrición da actividade:

Mediante a técnica de aprendizaxe cooperativo: Parellas que comparten . En equipos de catro membros imos investigar sobre a diversidade de: raza, lingua, relixión, gastronómica , bandeiras....

ACTIVIDADE 13: FALEMOS DE UTOPIÁ

Finalidade

Familiarizarse cos contidos da DUDH e estimular o pensamento crítico

Materiais

1) V de Vendetta [filme] <https://www.youtube.com/watch?v=B6sAz-fSLZM&t=7s>


2) Folla de preguntas-respostas

Descrición da actividade

En primeiro lugar debe verse o filme V de Vendetta, ou o vídeo ao que se pode acceder co link achegado. A continuación, o grupo debe dividirse en un ou varios grupos conformando mesas redondas para debater.

Unha vez feitos os grupos, cada grupo debe ler os artigos 1- 5 e 21 da DUDH. Trala lectura, escóllese un/ha secretario/a que deberá anotar as respostas ás preguntas que se achegan no documento anexo.

Despois da visualización, a lectura e a escolla de secretario/a, cada participante na mesa redonda dará a súa opinión acerca de cada cuestión plantexada respectando o turno de palabra. Finalmente, o/a secretario/a debe recoller por escrito unha resposta a cada pregunta que debe ser consensuada polo grupo.



ACTIVIDADE 14: TRABALLO ORGANIZADO

Finalidade

Familiarizarse cos contidos da DUDH e estimular o pensamento crítico

Materiais

1) Folla de actividades

2) DUDH:


<https://www.un.org/es/about-us/universal-declaration-of-human-rights>



Descrición da actividade

Débesse repartir Ó alumnado en pequenos grupos e, a continuación, entregar unha folla de actividades a cada integrante. Cada membro do grupo debe escribir un número en cada espazo baleiro, dando lugar a un texto completo e con sentido que reconstrúa os contidos dos artigos 23, 24 e 25 da DUDH.

Ao rematar, o/a profesor/a recollerá unha das follas de actividades de cada grupo. A calificación desa folla será a calificación do grupo enteiro. Tódolos/as integrantes deberán asegurarse de que cada membro fai ben o seu traballo.

Finalmente, procederase á lectura dos artigos por parte do alumnado.





FIN

